



BASES CONCURSO ENTROIDO 2017 CONCELLO DE FORCAREI

1.- As presentes Bases teñen por obxecto regular o desenvolvemento e participación no Concurso de Disfraces, que con motivo do Entroido, terán lugar nas seguintes datas:

- Domingo día **26 de febreiro de 2017** concurso **INFANTIL**
- Martes día **28 de febreiro de 2017** concurso **ADULTOS**

2.- Poderán participar tódolos colectivos, agrupacións, asociacións cidadáns, persoas individuais, etc., que así o desexen e que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases a criterio do xurado.

3.- Poderán anotarse ata un cuarto de hora antes de saír o desfile no Centro Social de Forcarei. Acompañarase do DNI e teléfono de contacto.

Para os menores é necesario o nome e DNI do representante legal. Nos grupos un só nome que aparecerá como representante do mesmo, o que se identificará cun nome relacionado co disfraz.

4.- Os premios a outorgar serán os seguintes:

INFANTIL

Nenos de 0-1-2-3 anos

1º.- 50 € 2º.- 30 € 3º.- 20 €

Nenos de 4-5-6 anos

1º.- 50 € 2º.- 30 € 3º.- 20 €

Nenos de 7-8-9 anos

1º.- 50 2º.- 30 € 3º.- 20 €

Nenos de máis de 10 anos

1º.- 50 2º.- 30 € 3º.- 20 €

ADULTOS

Grupos de máis de tres

1º.- 80 € 2º.- 60 € 3º.- 40 €

Parellas ou tríos

1º.- 60 € 2º.- 50 3º.- 40 €

Individuais

1º.- 50 € 2º.- 40 € 3º.- 30 €



Entregaranse ós premiados uns vales que terán que canxear no Concello de Forcarei, previo aviso da organización. O representante deberá ir provisto do DNI para asinar o cobro do premio.

5.- O Xurado estará composto por
INFANTIL: Un representante do Concello e 3 pais.
ADULTOS: Un representante do Concello e persoal organizador do evento.

Valorarase:
Orixinalidade, Simpatía, Critica, Laboriosidade, calquera outro motivo que poida considerar o Xurado.

O Xurado pode declarar deserto calquera premio si o seu xuízo non reúnen os méritos suficientes, podendo pasar os cartos correspondentes do premio a outra categoría.

O xurado levantara acta coa proposta dos premiados, asinada por tódolos membros.

6.- A participación no concurso, suporá a plena aceptación das presentes bases.

7.- A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Forcarei, 22 de febreiro de 2017
A Alcaldesa

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta